



TEATRO VIGO
KEYZÁN 1966-2016
50 AÑOS DE
CREACIÓN ESCÉNICA

Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO



TEATRO KEYZÁN

50 ANOS DE
CREACIÓN ESCÉNICA
1966 - 2016

DO 14 DE ABRIL AO 29 DE MAIO DE 2016.

Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO





Figurino para personaxe de
"Creonte" para *Polinice*, de
Maximino F. Queizán.

Autor: Moncho Borrajo.
1976.

50 ANOS DO TEATRO KEYZÁN. O TEATRO DA HISTORIA

ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

Alcalde de Vigo

Ese, precisamente ese, é o teatro que se asenta na memoria das sociedades. Ese: o que queda, o que permanece, contado de pais e nais a fillos e fillas. Ese, que mesmo se converte en relato recreado pero con bases firmes que nos descubren a Verdade. O teatro é un fío que conduce a Historia dun pobo, pero non tódolos pobos teñen a súa propia historia teatral. Velaí un distintivo de honra que Vigo si ten, e que o paso do tempo nos confirma e nos produce o pracer de recordar, que como xa se sabe, é algo así como volver a vivir...

Cincuenta anos de actividade teatral continuada, coherente, que madureceu con cada montaxe, deixan, de seu, unha pegada inesquecible. Pero, por se a memoria nos fallase, gozamos da xenerosidade de alguén que soubo ser mecenas da escena e de si mesmo, e máis dos seus compañeiros de viaxe. Estamos a falar de Maximino F. Queizán e do grupo de teatro que nacera naquela Academia Victoria que centraba a milla de ouro de Vigo no tránsito dos anos 60 aos 70. Chamarlle Teatro Popular Keyzán fora xa unha declaración de intencións para non confundir a ninguén, porque divulgar, facer accesible, chegar ao público, están contidos na auto definición como teatro popular.

É ben interesante repasar todo o traballo realizado por diferentes xeracións de creadores vigueses de tódalas artes: dramaturxia, pintura, música, escenografía, vestiario, cartelística, que se deron cita nas sucesivas convocatorias de Maximino. Canto talento! Camiñaron xuntos arredor do alento creativo e atrevido dunha figura única e ben significativa da maridaxe que en Vigo se da entre a cultura do traballo, da industria, do comercio, e a cultura da cultura, co teatro como marmita na que se coce a pócima máxica de todo o que un espectáculo teatral comporta.

Neste traballo de recompilación de materiais que formaron parte de espectáculos tan extraordinarios como *A raposa e as uvas*, *Ligazón*, *Retablo Jovial*, *Cuento de abril*, *La excepción y la regla*, *Las galas del difunto*, *La puerta del paraíso*, *Polinice*, *Así é se así vos parece*, *Loucura de Humor*, ou *Fóra de escena*, atopamos espectáculos que nos trouxeron textos, historias, personaxes, e escenarios de Valle Inclán, Pirandello, Blanco Amor, Brecht, Casona, Cobaleda, Ablanado, Balboa, ou o propio Queizán. A cantidade e a calidade van da man na historia do xa histórico Teatro Keyzán.

Festexamos cincuenta anos de levantar o telón, ocupar escenarios físicos e imaxinarios, vestir galas ou farrapos, musicalizar, iluminar, facer escenografías, maquillar, caracterizar... Cincuenta anos de teatralizar, acción na que todo se resume e se converte en mensaxe da cultura galega e universal. Grazas polo traballo realizado. Grazas tamén á cidadanía que se nutriu con amor e curiosidade deste inmenso esforzo.

Vigo medrou e frutifica co voso labor. Sentímonos agradecidos e afortunados. Parabéns.

TESTEMUÑO

MAXIMINO FERNÁNDEZ QUEIZÁN

Director de escena

Un escritor deixa a súa obra, que se pode ler no futuro; un pintor deixa os seus cadros, que se poden contemplar mesmo despois da súa morte; os actores e directores de cine deixan as súas películas, que se poden volver a proxectar en calquera momento. Os actores e directores de teatro non deixamos nada. Todo remata cando cae o pano e estamos condenados ao esquecemento. E, non sexamos inxenuos, as gravacións das obras de teatro non son de ningunha maneira o verdadeiro teatro, nin producen a emoción estética dunha representación.

Non podemos expoñer o traballo teatral dos que nos precederon, perdido para sempre, pero si uns cantos recordos. Xuntei os meus e aquí están para dar testemuño da actividade escénica na que participei durante cincuenta anos. Polo Teatro Keyzán pasaron moitos artistas, xa que o teatro integra labores moi diversos: literatura, debuxo, deseño, escenografía, figurinismo, atrezo, vestiario, iluminación, fotografía, música, coreografía, interpretación dos actores, dirección...É a miña homenaxe a todos os que foron creadores destes traballos.

Son vigués, fillo e neto de vigueses e dóenme as carencias da miña cidade, que me gustaría sempre remediar. Vigo medrou moito en pouco tempo, a iso contribuíu a constante inmigración; evolucionou con rapidez e progresou a grandes pasos en moitos aspectos. Pero o desenvolvemento cultural non pode avanzar a esa velocidade, ten o seu propio ritmo. Non pode haber evolución cultural sen unha tradición en que apoiala. Por iso os logros en materia intelectual e artística teñen un dobre interese: a súa propia calidade e o seu valor como peza que contribúe a construír a historia da arte da cidade. Non nos convén esquecer o que fixemos porque o precisamos para continuar e para sermos conscientes de que non vimos do nada. Por outra parte, a xente nova viguesa de hoxe necesita coñecer a historia da súa cidade para poder actuar nela con eficacia. Só así se lles pode abrir a porta da creación.

Unha parte esencial da memoria de Vigo é o coñecemento do seu quefacer artístico.

Motivo que me decidiu a exhibir os materiais que formaron parte das miñas postas en escena, que custodieei con celo: os traxes que se conservan, as máscaras, os programas e os carteis, os debuxos e os deseños, as fotos, as cerámicas, etc... A interpretación dos actores, ai!, é irrecuperable. A min paréceme que é un labor que merece ser recordado.

Estes obxectos son testemuños do feito teatral que en cada momento levantou emoción e aplausos. Son recordos dunha arte efémera da que gozou o público de Vigo en numerosas ocasións. É unha grande satisfacción poder compartilos cos vigueses.



Traxe da "Raíña do pasado" para a posta en escena de *La puerta del Paraíso*, de Miguel Cobaleda.

Deseño de Maximino F. Queizán.
1993.

O VALOR DO PATRIMONIO ESCÉNICO DO TEATRO KEYZÁN

JOSÉ LUIS MATEO ÁLVAREZ

Comisario

A efervescencia teatral viguesa está ligada ao desenvolvemento industrial que tivo a nosa cidade no último terzo do século XIX e que deu lugar a unha etapa de esplendor económico e social que perduraría ata os anos vinte do século XX. O pulo económico conformaría unha sociedade máis complexa e na que a actividade teatral foi unha das principais manifestacións artísticas e culturais que chegou a todos os estamentos sociais.

Desde a inauguración da “Casa Teatro” na praza da Princesa impulsada por Norberto Velázquez Moreno en 1832, moitos foron os edificios dedicados a acoller a actividade teatral da cidade: o teatro circo Tamberlick, o teatro Rosalía de Castro (1900), as numerosas salas de espectáculos como o Salón de Variedades (1905), o Salón Pinacho (1907), o Salón Vigués (1910) ou a aparición do teatro Odeón (1917). Todas estas salas tiñan unha programación teatral e de variedades con compañías estatais, locais e estranxeiras. Ademais o teatro estaba presente nas numerosas sociedades culturais, de recreo, sindicais ou relixiosas que existían na cidade: os cadros de declamación do Círculo Católico (1909), da Sociedad Artística, do Casino, La Oliva, El Recreo, El Mercantil, etc. A actividade teatral non só tiña unha función artístico-cultural ou de lecer senón que en moitos casos converteuse nun vehículo pedagóxico, relixioso ou político.

Tras o incendio que asolou o teatro Rosalía no ano 1910 os herdeiros de García Barbón construíron o teatro García Barbón no ano 1927 e convertérono na referencia escénica da cidade pola que pasaron as principais compañías nacionais. Mentres a actividade teatral local mantivo o seu pulo grazas a iniciativas como as da sociedade “Amigos del Arte”, dirixida polos xornalistas e poetas Antonio Ochaíta e Bremón Sánchez, e o grupo “Martín Códax”, creado polo párroco de S. Francisco, Emilio Álvarez.

Na década dos cincuenta do século XX o cine pasou a dominar as escenas dos teatros da cidade e só o García Barbón mantivo unha programación teatral continuada que no verán pasou a ocupar o auditorio ao aire libre do parque Quiñones de León en Castrelos, que se rematara de construír. A iniciativa local deste período contaba só coa presenza de grupos

de afeccionados vencellados a asociacións veciñais ou entidades relixiosas e sindicais e, sobre todo, pola aparición a comezos dos anos sesenta do grupo de teatro da Asociación de la Prensa.

É neste momento cando irrompeu a figura de Maximino Fernández Queizán que, tras o seu paso polo teatro universitario, se instalou na súa cidade natal e comezou a desenvolver unha actividade teatral que chegou ata os nosos días. Os comezos no teatro universitario en Santiago e Madrid como actor, director e autor dramático levárono a crear no 1964 o Teatro de Cámara da Academia Victoria, vencellado ao centro de formación profesional da Academia Victoria, propiedade da súa familia.

Na exposición “Teatro Keyzán. 50 anos de creación escénica. Vigo 1966-2016” exhíbese unha colección teatral atesourada por Maximino F. Queizán desde os seus comezos ata hoxe. Nela poderemos contemplar a riqueza artística que sempre acompañou as postas en escena deste grupo teatral. Trátase de superar a tradicional reivindicación inmobiliaria dos espazos teatrais como únicos elementos patrimoniais para dar cabida á escenografía mesma como un valor mais do noso patrimonio cultural. Artistas plásticos como Ángel Sevillano, Xosé Guillermo, Paulo Dastis, Miguel Vázquez, Francisco Mantecón, Francisco A. Bao; fotógrafos como Mary Quintero, Xulio Gil, Ángel Llanos, Cameselle, Mercedes Moralejo; figurinistas como Miguel Álvarez Balboa, José Miguel Ligerero, Moncho Borrajo; iluminadores como Fernando Couñago, José Ablanedo; coreógrafos como Enrique Ablanedo; escenógrafos como Juan Delgado Tapias, Alberto de Sousa, Enrique Pazos, Miguel Ángel Pérez Tello, José Miguel Ligerero; deseñadores como Gene Cabaleiro, Ángel Senén; músicos como Elías Quiroga, Antonio Uxío Mallo; escritores como Xosé Luis Méndez Ferrín, Manuel Forcadela, Xabier Rodríguez Baixeiras, Eduardo Blanco Amor, etc; foron quen de ambientar os textos que o Teatro Keyzán levou a escena. Agora recuperamos toda esta creatividade e compartímola co público vigués e todos aqueles que durante todos estes anos pasaron polo patio de butacas dos espazos onde se representaron: o teatro García Barbón, o auditorio da Caja de Ahorros Municipal de Vigo, o salón do Círculo Mercantil, o auditorio de Castrelos e moitos outros lugares espallados pola xeografía galega.

Esta exposición permitiranos homenaxear a todos aqueles actores, técnicos e creadores que pasaron polo Teatro Keyzán. Moitos deles deixáronos entre as bambolinas do tempo

para nos recordar, que a arte teatral, como a vida, é efémera. Porque o acto teatral é nímese, simulacro, ficción, que se desenvolve no presente (*hic et nunc*) onde espazo e tempo son indisociables. Perpetuar a memoria do Teatro Keyzán é o obxectivo último desta colección que vos amosamos, pero tamén o é a idea de pór en valor o traballo escénico desenvolto polo Teatro Keyzán durante cincuenta anos.



Cartel para *Polinice*, de
Maximino F. Queizán

Autor: Francisco A. Bao.

1976

Escena de *El sacrificio de Yogataro* de Jardiel Poncela, para o espectáculo "Loucura de Humor"

Fotografía de Xulio Gil.

1991



PALABRAS, PALABRAS...

FRANCISCO PABLOS HOLGADO

Xornalista e crítico teatral

Simplemente, equivocouse de século. Maximino, máis alá da súa condición de universitario, de promotor romántico de mil iniciativas escénicas, non pouco desbaratadas polas circunstancias, é un cómico. Alguén que debeu nacer vintecinco centurias atrás e ter coñecido a Esquilo, a Sófocles, a Eurípides. Ou cando menos, na época na que a xente apiñábase nun dispositivo chamado "The Globe", á beira do Támesis, en Londres, para escoitar as dúbidas de Hamlet e o seu escepticismo en dúas palabras: "palabras, palabras".

Levantou o escenario das súas innovadoras farsas en calquera local, desde a solemnidade dun teatro ata o almacén dun café; no paraninfo dun instituto ou no multiusos dunha barriada periférica, ata darlle categoría de escola para actores, a un paso dese gran escenario ao aire libre que se creou no parque de Castrelos, ao que o poeta, Federico Muelas, bautizou, e lembran moi poucos, como "viera gigante en peregrina tierra". Porque o seu pai, funcionario municipal, xestionaba para os estífos vigueses os inesquecibles Festivais de España, para que escoitáramos a Manuel Dicenta, a voz máis bela endexamais oída, mentres interpretaba a Cyrano e o público, entusiasmado, aguantara a representación baixo unha chuva pertinaz.

Editou, con beleza gráfica e alarde de obxecto plástico, a autores novos, como Figueiredo, Stoppard, Cobaleda, cuxa "Puerta del Paraíso" inmortalizou, todo da súa man: dirección, interpretación, vestuario, escenografía. Ata foi autor dunha recreación clásica en "Polinice".

Foron moitos anos, moitos, de entrega xenerosa, dilapidando unha nunca sobrada economía, en aventuras que o levaron a intimar con Blanco Amor e as súas farsas deliciosas, esquecidas ata que el as recuperou para facelas vivas. Estreou, en función histórica, "Cuento de abril" de Valle Inclán, outro dos seus amores máis queridos.

E tantas e tantas outras aventuras, como obsequiar os seus amigos con exemplares de pezas de teatro dos mellores autores. Na súa biblioteca, edicións imposibles de encontrar hoxe, de autores un día exitosos, agora case descoñecidos, que releo con ese amor de

quen, indeclinablemente, é da familia. Dos cómicos de sempre, dos que non saben vivir sen a grande mentira que é, ao fin, o grande teatro.

Acaece en Galicia, lamentablemente, que os pare e os abandona, como dicía James Joyce da súa Irlanda natal, aínda que, e subscribiríao ese dandy natural que é Keyzán, Irlanda-aquí, Galicia – é o seu verdadeiro e único amor.

Agora reúne, para gozo dos que amamos o teatro, uns cantos recordos da súa longa historia de “animal” de teatro: deseños de vestiario, esbozos de escena, vestiarios, edicións. Nada pide a cambio. Só, que o contempledes e admiredes.

Algún día, cando se escriba a verdadeira historia dese pobo mariñeiro, e antigo, hoxe puxante urbe industrial e ata universitaria, a obra terá un capítulo sobre Maximino Keyzán e a súas románticas empresas teatrais. El non o pediría, aínda que ben o merece.

Polo seu exemplo, evocable e vivo, sentímonos orgullosos de gozar de súa amizade, o seu consello e a súa xenerosidade.



Réplica de cerámica grega do século V a. C. empregada na escenografía de *A raposa e as uvas*, de Guilherme Figueredo.

Autor: Miguel Vázquez.
1983.

Como teño a impresión de que os diversos cronistas ou historiadores do teatro contemporáneo galego non se expresan, ás veces, ben, vou botar unha ollada atrás e facer memoria do que ocorreu en Vigo no ano 1966; ou sexa: hai agora cincuenta anos.

Unha primavera minoritaria, pero moi vizosa, facía correr con forza as novas eivas das varias cepas artísticas e literarias, naturalmente democráticas e defensoras de Galicia. Vigo, daquela, era calquera cousa menos unha cidade morta. Nun círculo de individualidades renuentes, algunhas moi próximas da inesquecible e traizoada Asociación Cultural, floreceu a idea de promover un grupo de teatro de expresión galega. Eles pensaron en textos e en autores, e bateron coa comedia crítica “A raposa e as uvas”, un éxito internacional do autor brasileiro Guilherme Figueiredo. Ambientada na Grecia clásica, o seu protagonista era un Esopo que ridiculizaba a estupidez do sofista e, sendo escravo, voaba sobre os seus amos pola superioridade do seu intelecto e da nobilísima ironía. A obra foi adaptada ao galego con moi escasas modificacións, co título “A raposa e as uvas”. Da dirección encargouse Maximino F. Queizán, que iniciaba así a súa carreira teatral en galego.

A peza foi representada no escenario do Teatro García Barbón de Vigo, dunha maneira absolutamente inusual. Os regulamentos do Ministerio de Información e Turismo tiñan totalmente prohibido, segundo recordo, a representación comercial de obras en galego, e estas eran unicamente autorizadas na categoría de “arte y ensayo” e sen que mediase a venda de localidades. Non se fixo así neste caso, e os despachos de billetes do García Barbón expediron os seus tacos de entradas rigorosamente numeradas, que moitos vigueses compraron. O teatro encheuse, absolutamente todo, desde os actores e actrices aos apuntadores, se é que os houbo, estivo un mundo de ben baixo a dirección de Maximino. Tanto, que en Pontevedra reclamaron a posta en escena de “A raposa e as uvas” e a obra volveu a triunfar alí, no marco histórico do teatro Principal.

A representación de “A raposa e as uvas” abriu, pois, un camiño máis regular, do que se viña practicando, para o teatro en lingua galega. Un camiño que apuntaba de forma moi clara cara a súa normalización plena.

Nos seus inicios a compañía presentouse como TPG (Teatro Popular Galego), posiblemente por distante influencia do TNP francés de Jean Vilar. Desde logo, nin en medios nin en apoio institucional podía compararse unha empresa con outra. Despois de obra “A raposa e as uvas” de Figueiredo, o TPG con dirección de María Xosé Queizán representou “A puta respectuosa” de J.P. Sartre. O distante exemplo de Vilar serviu para que Maximino recollése a idea de Teatro Popular e insistise longamente nela, despois, co rubro de Teatro Popular Keyzán.

Unha obra tras outra, con esforzo e sacrificio, facendo dispendio de vontade e de sabedoría escénica, Maximino foi levando das Musas ao Teatro, pasando polos Autores, innumerábeis obras galegas e de todo o mundo. Dixen a palabra autores porque Queizán, nunha época no que o teatro, en xeral, parecía prescindir do escritor dramático, creu nel e respectouno. Creu en Blanco Amor como dramaturgo, cando a sociedade culta de Galicia só quería ver nel o novelista e o autor de relatos breves. Do mesmo modo, Queizán fixou os seus ollos con reverencia, como outros homes de teatro, en don Ramón del Valle-Inclán. Neste caso, el decatouse de que, por tras do texto castelán, case sempre mestizo, de don Ramón, latexa un subtexto profundo e heterodoxo que é radicalmente galego. Foi Queizán o primeiro, que eu saiba, en intentar a representación dun Valle-Inclán en lingua galega. Como habería de suceder máis tarde, a necidade dos herdeiros do de Vilanova impediu que subise aos escenarios unha “Ligazón” no noso idioma. En todo caso, Queizán puxo en escena, admirablemente ben, a Valle-Inclán: o encontro do autor do texto e o director de escena, conxugado co traballo interpretativo, callaron en resultados óptimos.

Maximino F. Queizán é un home de ampla formación cultural que domina os horizontes das artes escénicas e das preocupacións do noso tempo. Sabe que en un lugar onde a condición humana pode espirse e obrigarnos a todos a unha reflexión radical e existencial é o teatro. Pero non ignora que a perfección da palabra, e da actualización da palabra na boca real de cada actor e actriz, nunca pode perder o rigor nin a tensión formal. Queizán ten sentido do ritmo e do movemento escénico en función do conflito dramático, ou, por que non, do carnaval cómico, e coñece ben aquela regra que prescribe que na acción escénica todo pende de todo e todo se subordina ao sentido central da obra. Con estas e outras calidades, Maximino Queizán abriu en 1966 unha porta e sinalou un camiño a seguir para o teatro galego.

Nunca se liberará o teatro da súa esencialidade oral. O teatro é o xénero literario cuxo medium de emisión e transmisión é a voz humana e o corpo non menos humano en

presencia. O texto pode ser escrito ou non, pero só é drama cando se encarna na gorxa de seres humanos de carne e óso e estes evolucionan nun espazo escénico e verbalicen e accionen fronte un conxunto de humanos asistentes que chamamos público. O teatro é presente e real como non é ningunha outra ponla ou xénero literario. Por iso, esta exposición sobre as orixes e desenvolvemento do Teatro Keyzán durante medio século é unha ollada sobre nosoutros mesmos e sobre a cultura do País que agora racha un silencio de morte e rescata algunhas palabras da tribo que non sempre foran debidamente preservadas.

Escena de *A raposa e as uvas*, de
Guilherme Figueiredo.

Fotografía de Xulio Gil. 1983.



Escena de *Despois de Magritte*,
de Tom Stoppard.

Fotografía de Xulio Gil.
1992.



O meu encontro intelectual, mais tamén de amizade, con Maximino Queizán tivo lugar en catro momentos diferentes, desde a década dos anos setenta do século pasado. Primeiro como espectador, despois como crítico, máis tarde como tradutor e colaborador. Como espectador, desde o primeiros tempos da súa actividade teatral, tempos de *Polinice*, por exemplo, ou a *A raposa e a uvas*; despois como crítico, a partir dos diversos comentarios que tiven oportunidade de publicar na prensa, en anos xa posteriores, da estrea polo Centro Dramático Galego da obra de Luigi Pirandello *Así é (se vos parece)*, en versión galega do meu amigo Xavier R. Baixeras e dirixida con enorme éxito de crítica e público polo propio Maximino. En terceiro lugar, como colaborador e tradutor, coa colaboración inestimable da profesora María Victoria Gómez Reboiro, da obra *Despois de Magritte* de Tom Stoppard, posteriormente publicada.

Creo que, se hai un cualificativo que caiba empregar para definir a Maximino, un adxectivo que poida dar conta da súa posición, a un tempo rebelde e tenaz no mundo da nosa cultura, ese podería ser quixotesco.

E isto non porque a figura do Maximino, me lembre máis que vagamente a imaxe que a historia do gravado ou da pintura nos devolve do fidalgo sen par e irrepetible cabaleiro don Quijote de La Mancha, senón porque, penso eu, a empresa cuxos resultados hoxe poden ver, froito do empeño que vén levando a cabo, con sixilo, desde hai moitos anos, é sen dúbida merecente de tal cualificativo. E é que, certamente, tamaño altruísmo e idealismo, tan grande defensa dos ideais e das razóns do ben común, neste caso o espallamento da cultura teatral, sen recibir a máis mínima compensación a cambio, fóra da suposta gratificación persoal, non son hoxe moeda habitual e moito menos nunha cultura como a nosa.

Dito isto, quero sinalar que a tradución e posterior publicación e posta en escena de *Despois de Magritte*, foi, desde o meu punto de vista, e non porque eu formase parte do equipo de persoas que levou a cabo tal proxecto, un acontecemento de primeira liña na produción cultural galega máis recente que pasou, infelizmente, case, case desapercibido. E a magnitude de tal emprendemento haina que procurar nesas tres feitos xa enunciados. En primeiro lugar, no propio texto. En segundo lugar, na escenificación. En terceiro lugar, na edición do libro.

Stoppard parte da constatación de que o relato, o relato moderno é sempre un discurso sobre dous niveis. Un nivel A, isto é, o nivel da evidencia, daquilo que é obvio, e un nivel B, isto é, o nivel do segredo, do que se desprende misteriosa pero inequivocamente do nivel A.

En Stoppard o nivel A está ocupado polo relato dunha investigación. Un inspector de policía indaga un caso trivial, deixándose levar unicamente pola súa intuición, con resultados certamente divertidos. No nivel B, sen embargo, Stoppard constrúe unha crítica da nosa cultura (e aquí nosa quere dicir occidental). O interese da obra céntrase en ambas as dúas lecturas. Por unha banda, a comedia, a burla do relato policial, a caricatura dos prototipos construídos polo xénero. Por outra banda, e velaí onde a obra encontra o seu sentido máis fondo, non alleo desde logo ao título nin á presenza nel do pintor René Magritte, a linguaxe como mecanismo encubridor da realidade, construtor desa outra realidade, a lingüística, que nos tempos modernos (e non fai falta pensar máis que na televisión) é quen de ocupar o posto da auténtica realidade. Esta duplicidade do real posible, en tanto que mediatizado polas linguaxes, é, sen dúbida, o asunto desta obra. Creo, humildemente, que con *Despois de Magritte*, o teatro galego contemporáneo acadou un dos seus cumios.

Na xusta medida en que a obra é, entre outras cousas, un xogo de palabras, unha sucesión de equívocos provocados pola dobre lectura, a linguaxe verbal e os códigos propios do xénero do teatro adquiren aquí un predominio manifesto da connotación, como se o autor, ao producir ironicamente un texto con forma de comedia policial, afastándose dos pormenores dunha simple descrición da vida interior da burguesía *citadina*, quixese ensinar ao espectador o grande paradoxo de vivir, os débiles soportes que sosteñen a nosa visión enganada do mundo. E, nesa elevada torre da razón adquirida, basta con unha soa pedra se resinta para que o edificio enteiro se esborralle, deixándonos outra vez orfos ante o mundo, devolvéndonos a condición auroral dos primeiros poboadores do planeta. Sobre ese enigma, oculto por detrás de toda linguaxe, sexa verbal, teatral ou pictórica, debrúzanos a obra de Stoppard, posuída, iso si, por unha intensa beleza. O traballo do Teatro Keyzán, cunha refinada interpretación e unha dirección magnífica, incrementou aquelas virtudes salientadas no texto, para darnos un espectáculo exquisito, divertido e manifestamente provocador. Unha sabia maneira de ensinar deleitando.

Creo que Maximino, como o inspector protagonista da obra de Stoppard, leva anos querendo mostrarnos a fragilidade dos alicerces da nosa comprensión do mundo. Tempo é de que a cidade na que criou e na que desenvolveu o seu traballo recoñeza a magnitude do seu mérito. A presente exposición fai xustiza a unha figura que representa o cerne dunha aptitude cultural e creativa que fixo de Vigo o centro da modernidade en Galicia en anos pretéritos e que xa son pasto da Historia e dos historiadores.

O TEATRO KEYZÁN NO CONTEXTO TEATRAL VIGUÉS

DOLORES MILORO COSTAS

Máster Artes Escénicas Universidade de Vigo

O catálogo desta mostra reconstrúe as pegadas do teatro en Vigo a través da obra do actor e director teatral Maximino F. Queizán. Como no caso doutros actores e directores, o Teatro Universitario foi o primeiro paso da súa etapa formativa como actor e director. Os concursos e certames de Teatro Universitario serviron para o encontro e posta en común dos grupos universitarios. Ademais a finais dos anos 50 a aparición da revista *Primer Acto*, dirixida por José Monleón, converteuse nunha canle de difusión e promoción do teatro en España, entre o que se encontraba o Teatro Universitario e o Teatro de Cámara y Ensayo que con novas propostas procuraban romper as inercias do teatro comercial e abriron as portas a dramaturgos do teatro universal, que a censura non permitía que se programasen nos teatros comerciais. O Teatro Universitario, o Teatro de Cámara y Ensayo, o teatro afeccionado, así como institucións como o Teatro Estudio de Madrid ou as escolas de Arte Dramática convertéronse nunha vía para a produción de montaxes de calidade aproveitando as correntes máis innovadoras do teatro europeo e español.

En Vigo, a aparición do Teatro de Cámara da Asociación da Prensa en 1958 supuxo unha certa continuidade por parte dunha agrupación viguesa que mantivo unha programación e un repertorio no que se representaban obras de dramaturgos europeos e americanos pouco coñecidos no panorama teatral vigués.

O franquismo, a través da censura, atrancaba a liberdade de expresión e interviña nos procesos creativos, especialmente no teatro. Ao abeiro desa situación naceu un movemento teatral que, a pesar das difíciles circunstancias provocadas pola censura, ás que se sumaba a precariedade e a falta de recursos materiais, concibía o teatro como un valor cultural e reivindicaba un público popular e unha idea de cambio que condicionaron a escena sobre todo no ámbito rexional, sumida no illamento. Nese contexto, os que soñaban con mudar as inercias do panorama escénico español reivindicaban a descentralización, a profesionalización, a transformación dos modos de produción teatral para a supervivencia do teatro, cuxo obxectivo principal era a formación, a investigación e a innovación formal e estética. En moitos casos estas demandas non se desligaban do compromiso social e

político. Esa corrente renovadora condicionou a moitos dos grupos afeccionados rexionais a pór en marcha festivais ou xornadas teatrais, coa axuda dalgunhas institucións públicas ou privadas, co obxectivo de formarse e redefinirse. A estas iniciativas adheríronse, co mesmo entusiasmo renovador, a crítica especializada dos medios de difusión teatral, que o consideraban un paso necesario para alumear o depauperado panorama teatral español. Revistas como *Primer Acto*, *Yorick* ou *Pipirijaina*, dedicaron espazo ás mostras e xornadas teatrais que se estaban a desenvolver en Galicia e, concretamente Piririjaina, dirixida por Moisés Pérez de Coterillo e Miguel Pérez Romero dedicou o seu número 15 do ano 1980 ao teatro galego.

Ademais os movementos xuvenís, a través do asociacionismo cultural, entre os que se encontraba a Asociación Cultural de Vigo, loitaban por recuperar o teatro en galego e demandaban unha participación na sociedade civil, cultural e política. Neste ambiente de efervescencia social o teatro converteuse nun medio de axitación social e política, que no ambiente pechado da ditadura adquiriu moita relevancia polo valor de expresión pública e colectiva. Nese intento de recuperación do galego para escena, no ano 1966, Maximino F. Queizán xunto a Xosé Luís Méndez Ferrín e María Xosé Queizán crean o TEATRO POPULAR GALEGO co gallo de dar un salto na produción do teatro en galego. Este grupo baixo a dirección escénica de Maximino F. Queizán representou a obra *A raposa e as uvas*, do autor brasileiro Guilherme Figueiredo, traducida do portugués por Xosé Luís Méndez Ferrín, e estreada no teatro García Barbón o 14 de setembro de 1966.

Moitos dos grupo teatrais, xurdidos neses anos, procuraban explorar fórmulas escénicas renovadoras que tentaban fuxir do costumismo burgués e do teatro comercial dominante. Ese modelo precisaba de espectadores cada vez máis activos. Este denominado “teatro de grupos” aglutinaba en España un grande abano de compañías que enriquecían o panorama teatral. Os grupos afeccionados, estables, de base, de “Cámara y Ensayo”, universitarios ou os denominados independentes defendían modelos expresivos contrapostos ao paradigma comercial.

En Vigo, aos grupos de teatro afeccionado integrados na estrutura parroquial, sumábanse outros tres grupos: *Teatro Popular Keyzán*, *Teatro Popular Cope* e *Esperpento Teatro Joven*, que funcionaban case como grupos estables, no sentido que, aínda que non eran profesionais, actuaban con regularidade e continuidade e serían, xunto co movemento

afeccionado parroquial, o xermolo fundamental da vida teatral da cidade. Á formación teatral destes grupos contribuíron as xornadas e mostras que eles mesmos organizaron con vontade renovadora. En Vigo programáronse representacións teatrais innovadoras tanto en aspectos formais como estéticos. Dentro das actividades que se organizaron na cidade neses anos como as conferencias, cursos e mesas redondas participaron persoeiros do ámbito teatral galego e foráneo, comprometidos cos cambios, como Lauro Olmo, Manuel Lourenzo, Eduardo Blanco Amor, Ricard Salvat, Gonzalo Pérez Olaguer, José Monleón, Moisés Perez Coterillo, Xavier Fábregas, Carlos Porto, Miguel Bilbatúa, Pedro Barea, Joan Castells ou o actor Juan Diego. Todas elas servíronlles de soporte teórico ás representacións e marcaron a liña formal e ideolóxica das transformacións que todos desexaban para o teatro. Todas as aspiracións que impulsaban as reformas e os obxectivos destes grupos, como a procura de novas linguaxes teatrais na marxe da palabra (formas rituais e parateatrais), a creación colectiva, a definición de popular como punto de partida para entender un novo achegamento ao público, a función social do teatro, a conciencia ética do actor que aspiraba a transformar a realidade, o compromiso coa investigación estética, formal e nalgúns casos ideolóxica, o rexeitamento do teatro como una forma de evasión e a busca de novos espazos para a representación expuxéronse nestes encontros. Un teatro que trataba de avivar o sentido crítico, sacar o oculto á superficie e mostrar a complexidade, pero sen paridade na elección dos camiños formais e estéticos. Iso permitiu que as proposta destes grupos fosen distintas e conducisen a un enriquecemento dos códigos e das linguaxes escénicas e por tanto da paisaxe teatral.

O TEATRO KEYZÁN “persegue un teatro vivo ideolóxica e esteticamente, cunha vocación universalista e independente na elección dos repertorios”. Conforme a estes principios estreou o 8 de marzo de 1967 no Círculo Recreativo Mercantil e Industrial de Vigo a obra *Ligazón*, el auto para siluetas de Ramón María del Valle Inclán. A esta se sumaron outras representacións no teatro García Barbón como *El diploma*, comedia dun acto de Luigi Pirandello o *La excepción y la regla*, peza didáctica de Bertolt Brecht. Outros autores teatrais, nacionais e internacionais, foron adaptados e representados por este grupo dirixido por Maximino F. Queizán: *Alejandro Casona*, autor que reivindicaba o carácter popular do teatro, a través das fábulas e as farsas, levou ao grupo a facer campañas teatrais por diferentes vilas galegas na procura de novos públicos para o teatro. Outros autores escollidos polo grupo popular Keyzán foron: *Emilio Carballido, Jardiel Porcela, Miguel Cobaleda, Buero Vallejo, José Ruibal, Jean Cocteau, Yukio Mishima, Martínez Ballesteros,*

Eduardo Blanco Amor, Tom Stoppard, Eugene O'Neill. Pero Maximino F. Queizán sentía unha inclinación especial pola complexa obra de *Valle Inclán* e, desafiando as dificultades, puxo en pé Ligazón e Conto de abril, pero a falta de recursos impediulle pór en escena *Las galas del difunto*, das que se conserva algunha escenografía e os figurinos de vestiario.

No ano 1972 o Teatro Popular Keyzán estreaba *La puerta del Paraíso*, que o dramaturgo, Miguel Cobaleda, escribiu para este grupo e cuxo texto íntegro e comentarios sobre a representación apareceron no número 53 dese mesmo ano da revista *Yorick*, dedicada ao teatro en Galicia.

O Teatro Popular Keyzán participou tamén no ano 1974 nas II Mostra de Teatro Galego de Ribadavia coas farsas de Blanco Amor: *A tía Lambida*; *A lebre das ánimas* e *Amor e Crimes de Juan Pantera*.

Na procura de novas linguaxes teatrais Maximino F. Queizán a principios dos setenta iniciouse no Café-teatro con obras de curta duración, sen apenas escenografía e que se apoiaban sobre todo no traballo dos actores e que elixiron espazos non teatrais como: O café Goya, a sala Sanday ou durante o verán o hotel Samil.

Como autor escribe Polinice, unha traxedia musical baseada no mito de Antígona, que se estrea no teatro García Barbón o 17 de decembro de 1976 e outra peza, *As Máscaras*, co gallo do I Simposium de Guitarra da Asociación Guitarrística Galega creada por Antonio Uxío Mallo.

En Galicia, o nacemento do Centro Dramático Galego, no ano 1984, adscrito á Xunta de Galicia e dedicado á produción e distribución de espectáculos teatrais, perseguiu como obxectivo contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega e abriu a porta a profesionalización de moitos dos actores daqueles grupos vigueses, que en moitos casos compatibilizaron o teatro coa interpretación en series da programación televisiva autonómica ou na dobraxe. No ano 1991 converteuse en Axencia Galega das Industrias Culturais.

Xa nos anos 90 Maximino F. Queizán foi elixido polo que era entón director do Centro

Dramático Galego, José Manuel Blanco Gil, para dirixir a obra de Pirandello, *Así é, se vos parece*.

A última representación como Teatro Keyzán foi *La puerta del Paraíso* en 1993.

Sinalar que Maximino F. Queizán ama e amaba o teatro. Esa relación apaixonada levouno da interpretación e dirección á edición de textos teatrais coa Colección Escena que publicou tres títulos: *A raposa e as uvas* de Figueiredo, *La puerta del Paraíso* de Cobaleda e *Despois de Magritte* de T. Stoppard. Ademais converteuse na voz poética de moitos autores e poetas mediante os recitais poéticos que recordaban a García Lorca, Blanco Amor, Celso Emilio Ferreiro entre outros. En 1999 colabora na creación da Escola Municipal de Teatro e organiza a I Mostra de Arte Escénica de Vigo (MOARE).

Este é un percorrido pola memoria deste actor e director, a través do material expositivo que compilou ao longo de cincuenta anos de entrega ao teatro e que lle vai permitir á cidade de Vigo retrotraerse a tempos nos que o teatro era un difícil camiño, ás veces intransitable, pola falta de medios e recursos económicos, o centralismo, o illamento rexional, as carencias formativas e outras moitas circunstancias que incrementan o valor destas exposicións.



Escena de *La Puerta del Paraíso*, de Miguel Cobaleda.

Fotografía de Mary Quintero.
1993.

ARTISTAS COLABORADORES CO TEATRO KEYZÁN

FRANCISCO ÁLVAREZ BAO. Ilustrador e debuxante desenvolveu a súa carreira profesional no eido da publicidade na axencia viguesa Ecovigo. A comezos dos anos setenta colaborou co Teatro Popular Keyzán facendo escenografías para o “Café-teatro” na discoteca SANDAY que fora decorada por el mesmo. É autor dos carteis dos montaxes de *Retablo jovial* (1969), “*Café-teatro*” (1970-71) ou *Polinice* (1976). Tamén colaborou compoñendo algunhas músicas para os espectáculos.

MIGUEL ÁLVAREZ BALBOA. Director artístico, figurinista, deseñador gráfico e maquillador. Desenvolveu a súa carreira no cine (*Illegal*, de Ignacio Villar) e na dirección de arte e xefe de estilismo de programas da TVG como *Land Rober*, *A cabeza non para*, *Terras de Miranda* entre outros. Para o teatro traballou como figurinista para Uvegá Teatro, Teatro da Lúa, Centro Dramático Galego e o Teatro Keyzán, para o que fixo o deseño gráfico e os carteis de *Así é (se vos parece)* e desenvolveu o figurinismo do espectáculo *Loucura de Humor*.

MONCHO BORRAJO. Actor, dramaturgo e *showman*. Coñeceu a Maximino Keyzán no ano 1975 cando aínda estudiaba Arquitectura e Belas Artes en Valencia. Os períodos de vacacións de Borrajo en Vigo, onde residía a súa familia, se compaxinaban coas primeiras actuacións como cantante e humorista no pub Charango onde Keyzán e Eduardo Blanco Amor o ían a ver.

Borrajo comezou a ter contacto directo co teatro a través da relación co Teatro Keyzán como el mesmo declara nas súas memorias. Esa colalaboración concretouse no deseño do vestuario de *Polinice* (1976) e no espectáculo *As máscaras* (1979). A mediados dos oitenta realizaría os figurinos para unha nova representación da peza de Miguel Cobaleda *Érase que se era la margarita en el campo*.

GENE CABALEIRO. Deseñador de moda. Traballou co Teatro Keyzán no deseño de vestuario para diversos montaxes: *Así é (se vos parece)* para o Centro Dramático Galego ou o vestuario dos recitais poéticos que Maximino F. Queizán fixo xunto a María do Carmo Kruckenberg, José María Picher, e outros.

RAFAEL CID. Xornalista do motor. Colaborou como escenógrafo co Teatro Keyzán.

MIGUEL COBALEDA. Doutor en Filosofía, profesor, poeta e autor teatral. É autor dunha importante produción dramaturxica con obras *El aliento y el barro*, *Un barro para Isveth*, *Siempre estamos de siempre*, *Papel impreso/papel oprimido*, *¡Ojalá, Marta!*, *Forastero mineral profundo (Faraudas)*, etc. A finais dos anos sesenta Cobaleda acada unha praza de profesor no instituto Valle-Inclán de Pontevedra. Entrou en contacto con Maximino F. Queizán durante a posta en escena por parte do Teatro Keyzán da obra *Érase que se era la margarita en el campo* no Café Teatro (1971). A colaboración entre ambos acabaría na escritura dunha peza teatral para ser estreada polo grupo vigués: *La puerta del Paraíso* que se estreou no ano 1972 e volveuse a montar no ano 1993.

PAULO DASTIS. Artista plástico brasileiro asentado en Vigo desde comezos dos oitenta. Durante os anos da “movida viguesa” decorou locais de moda (Vánitas Vanitatis) ou publicou en revistas como *Tintimán*, ou “fanzins” como *Escupe* ou *Novo Pop Galego 86* de Radiocadena Española. É autor do cartel da montaxe das *Farsas* de Blanco-Amor do ano 1983, así como dos figurinos para o vestuario do devandito espectáculo.

JUAN DELGADO TAPIAS. Profesor de Expresión Plástica no colexio Martín Códax de Vigo, na Escola Universitaria de Maxisterio e Na Universidade Fernando Pessoa de Porto. Entre 1960 e 1973 colaborou con Maximino Queizán nas súas propostas escénicas no Teatro de Cámara da Academia Victoria e a evolución cara ao Teatro Keyzán, onde participou en labores de creación escenográfica como no caso dos figurinos e deseño do mobiliario da primeira versión de *A raposa e as uvas* (1966).

MANUEL FORCADELA. Catedrático en Lingua Galega e escritor. Xunto coa profesora M^a Victoria Gómez, traduciu a obra *Despois de Magritte* para o Teatro Keyzán.

XULIO GIL. Licenciado en Matemáticas, profesor de secundaria e fotógrafo. Premio da Crítica Galicia en Artes Plásticas e Visuais no 2013. Comezou a súa traxectoria fotográfica na cidade coas exposicións ao aire libre da praza da Princesa no ano 1976. Colaborou con frecuencia co Teatro Keyzán captando as imaxes gráficas para programas, publicacións e carteis de montaxes teatrais como *A raposa e as uvas*, *Despois de Magritte*, *Yogatáro*, os recitais poéticos, etc.

LORENZO GONZÁLEZ CUASANTE. Músico integrante de grupos vigueses dos anos sesenta como *Los Diábolos* ou *Los Zuecos*. No ano 1972 compón a música da primeira versión de *La puerta del Paraíso*, unha sucesión de sons improvisados feitos co seu órgano GEM que deixou gravados nunha casete antes de emprender a xira como acompañante de Massiel.

ARMANDO GONZÁLEZ. Médico e compositor, é o autor da música para *Polinice*.

XOSÉ GUILLERMO. Pintor. É o autor da decoración das cerámicas da primeira versión de *A raposa e as uvas* do ano 1966 para o Teatro Popular Galego.

MANUEL JANEIRO. Ilustrador, profesor e escritor en galego e castelán. Impartindo aulas no colexio Martín Códax fundou xunto a Francisco Mantecón o primeiro estudo profesional de deseño gráfico a finais dos anos setenta. Colaborou co Teatro Keyzán, xunto a Francisco Mantecón, no deseño gráfico do programa e cartel de *A raposa e as uvas* no ano 1985.

JOSÉ MIGUEL LIGERO. Neto dos actores Miguel Ligeró e Blanca Pozas, Ligeró formouse en arte e decoración ademais de escenografía e figurinismo na Real Escuela de Arte Dramático de Madrid. Deseñou vestuario para programas e series de televisión como "Historias de letra y música" (1974/5), "Antología de la Zarzuela" (1979/8), "La comedia musical española" (1984/5) ou como figurinista do popular concurso "Un, dos, tres..." (1987/1991). Como creador de figurinos destaca a súa participación como deseñador para figuras como Norma Duval, Raúl Sender, Fernando Esteso e, sobre todo, Lina Morgan. É autor de vestuario de obras dramáticas como *La loba* (1993), *Diez negritos* (2001-14), *Las brujas de Salem* (2007), *Testigo de cargo* (2012), *La pechuga de la sardina* para el Centro Dramático Nacional (2015), en proxectos de directores como José Luis Alonso, José Tamayo, Ricard Reguant ou José Luis Alonso de Santos entre outros. Colaborou co Teatro Keyzán na escenografía de *Así é (se vos parece)*, *As farsas*, ou o proxecto de *Anxélica no umbral do ceo*.

ANTONIO UXÍO MALLO. Guitarrista, fundador da Agrupación Guitarrística Gallega en 1978 e profesor nos conservatorios de Paris, Londres e Vigo onde formou varias xeracións de guitarristas vigueses. Colaborou en diversos espectáculos co Teatro Keyzán como na representación da obra *As máscaras* (1979). Xunto a Maximino Keyzán e María do Carmo Kruckenberg fixo o recital poético *Federico*, adicado a García Lorca (1998).

FRANCISCO MANTECÓN. Artista plástico, foi un dos máis activos artistas da cidade desde os anos das exposicións ao aire libre da praza da Princesa (1968-1975) ata a consolidación da vangarda galega no grupo Atlántica. Desde mediados dos setenta comeza a traballar no deseño gráfico xunto a Manuel Janeiro e creou a imaxe de diferentes movementos políticos de esquerda así como de entidades culturais locais como Xuventudes Musicais de Vigo, Nova Escola Galega, Gálix, Clube Cultural Adiante, etc. No ano 1985 realiza xunto a Janeiro o deseño gráfico de *A raposa e as uvas* para o Teatro Keyzán.

XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN. Doutor en Filoloxía e catedrático de Literatura de secundaria, escritor en lingua galega. Traduciu a obra *A raposa e as uvas* de Gilherme Figueiredo ao galego para a súa posta en escena polo grupo Teatro Popular Keyzán no ano 1966.

JOSÉ IGNACIO MENÉNDEZ. Decorador e deseñador de interiorismo, formouse co escenógrafo Francisco Nieva. Xunto a Enrique Pazos, tamén estudante de interiorismo en Madrid, realizaron os decorados e escenografías que o Teatro Keyzán puxo en escena en agosto de 1967: *El diploma* de Pirandello, *Ligazón* de Valle-Inclán, *La excepción y la regla* de Brecht. Nese verán tamén participou como actor no espectáculo Horas de Monterreal que inaugurou o Parador de Baiona.

MERCEDES MORALEJO. Fotógrafa. Reporteira fotográfica en xornais locais como *Atlántico Diario* e *La Voz de Galicia*.

ENRIQUE PAZOS. Interiorista e decorador formado na Escola de Deseño de Madrid onde estudou escenografía con Francisco Nieva. En Vigo acadou diversos premios polas súas carrozas na "Batalla das flores" recuperada nos anos sesenta. Colaborou con Maximino F. Keyzán en diversas montaxes encargándose da escenografía de *¡Silencio, pollos pelones, ya les van a echar su maíz!* (1969), *Ligazón* (1970), *Cuento de abril* (1970), *La puerta del Paraíso* (1972), *As farsas* (1983), *A raposa e as uvas* (1985).

MIGUEL ÁNGEL PÉREZ TELLO. Inicia os seus estudos de debuxo e pintura na Escola de Artes e Oficios de Vigo para despois pasar pola Academia de San Fernando de Madrid. Profesor de debuxo desde 1966 e catedrático de secundaria desde 1975. Nunhas vacacións pasadas en Vigo entrou en contacto con Maximino Keyzán e comeza a colaborar na produción dalgún decorado como *El retablo jovial* de Casona no ano 1968.

CARMEN QUEIZÁN. Funcionaria municipal, directora do Centro de F.P. Victoria e deseñadora, a nai de Maximino F. Queizán colaborou en diversos proxectos do Teatro Keyzán como deseñadora de vestiario (*Cuento de Abril*, 1970).

MARY QUINTERO. Fotógrafa e pintora, Mary mesturou as dúas disciplinas artísticas na súa produción que se caracteriza por unha técnica e unha linguaxe moi persoal. Desde o seu estudio da rúa Urzáiz foi testemuña da evolución social da cidade. Colaborou co Teatro Keyzán na produción fotográfica dalgúns programas e carteis como o de *La puerta del Paraíso* (1993).

ELÍAS QUIROGA. Guitarrista. Fixo a música para as Farsas de Blanco Amor; colaborou en diversos espectáculos poéticos con Maximino Keyzán.

XABIER RODRÍGUEZ BAIXEIRAS. Profesor, poeta e tradutor. Realizou a tradución da obra de Pirandello ao galego *Así é (se vos parece)*.

ÁNGEL SENÉN. Autor do deseño e confección do vestiario da versión da *Raposa e as uvas* de 1985. A proposta de Senén baseábase na procura de conexións entre as tendencias da moda do momento, plenos anos oitenta, e a vestimenta da Grecia clásica.

ÁNGEL SEVILLANO. Artista plástico comezou a formarse na Escola de Artes e Oficios de Vigo e continuaría a súa formación na Escola de Belas Artes San Carlos de Valencia. Tras conseguir unha bolsa da Deputación de Pontevedra ampliará estudos na Escuela de San Francisco de Madrid. Volveu a Galicia como profesor de instituto ademais de compaxinalo coa súa carreira como pintor. A súa obra de carácter inxenuo enraíza nunha tradición galega de tipo popular. Foi o autor do pano do xardín que formaba parte da escenografía de *Cuento de abril* montado polo Teatro Keyzán no ano 1970.

CARLOS SONEIRA VEIGA. Psiquiatra e afeccionado á música desde novo (integrante do grupo de pop-rock *Los Vampiros* a comezos dos sesenta). Colaborou co Teatro Keyzán na asesoría musical de varias pezas como na posta en escena de *Cuento de abril* de Valle Inclán (1970).

ALBERTO DE SOUSA. Arquitecto descendente da saga dos fotógrafos Pacheco, estivo vencellado á actividade artística e cultural da cidade pola súa faceta pictórica e de debuxante. Para o Teatro Keyzán realizou xunto a Concha Calvo a escenografía para *Despois de Magritte* (1992).

SUSO VAAMONDE. Cantautor vinculado á Asociación Cultural de Vigo, onde entra en contacto co Teatro Keyzán. Formou parte dos grupos musicais *Os Copens* e *Marco Belorento*, para despois vencellarse ao movemento de Voces Ceibes nos anos setenta. Participou como intérprete na obra do Teatro Keyzán *¡Silencio pollos pelones, ya les van a echar su maíz!* de Emilio Carballido e interpretando música de Rafael Elizondo.

MIGUEL VÁZQUEZ. Ceramista profesor na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo desde 1986. Membro da Academia Internacional de Cerámica de Xenebra (Suíza) desde o ano 2000. É un dos máis salientables exemplos do panorama artístico da cidade que comezou a súa traxectoria a comezos dos anos oitenta en Nigrán. Nesas datas recibe o encargo do Teatro Popular Keyzán para facer unha serie de pezas cerámicas para incorporar á obra *A raposa e as uvas*.

ACTORES


MIGUEL ÁNGEL ROSALES
MARÍA XOSÉ QUEIZÁN
MIGUEL A. QUINTEIRO
CELIA ARENOSA
CARLOS REQUEJO
FRANCISCO DELGADO
ESTRELLA VÁZQUEZ LEAL
MANUEL A. BOTANA
ESTHER NOVOA
MARISA MÁRQUEZ
PEDRO MEGÍA
MIGUEL LLANDERAS
FRANCISCO PÉREZ GIL
CARLOS REGUEIRA
JUAN MONTEAGUDO
CARLOS COSTAS
JUAN HERRERA
ALFONSO QUINTAS
EUGENIO CANTANO
NARCISO BRAVO
JULIO LAGO
MANUEL CARRERA

PEDRO VEGA
JOSE ALFONSO PEDROSA
FINA FERNÁNDEZ
MAYCA ESTÉVEZ RADÍO
JUAN PÉREZ COMESAÑA
MARÍA TERESA PARDELLAS
MARÍA M. REVELLADO
SUSO VAAMONDE
ENRÍQUE PÉREZ
JOSÉ HUMBERTO BAENA
ISABEL L. AGUILERA
RAFAEL AVENDAÑO
ANTONIO CARNERO
MANUEL CARRERA
CARLOS VILAS
JOSE LUIS MANJÓN
MODESTO PENA
ÁNGELES G. LOMBARDERO
CLARA ESTÉVEZ VILLAVERDE
JUAN TORRADO
RAFAEL SOLLA
ALFREDO PEREIRA

FERNANDO MÉNDEZ	MANUEL VILLAVERDE
MARÍA C ^a CASAL MINIÑO	DANIEL HERAS
CARMEN BRAVO	MARTA BRUNA
MARÍA DEL CARMEN CASAL	ISABEL IGLESIAS
JUAN VIDAL	CRISTINA FERNÁNDEZ
JOSÉ MARÍA GÓMEZ	PILAR PEREIRA
CARLOS LLORÉNS	JOSÉ MARÍA GARCÍA PICHER
CECILIO LAGO	ELVIRA GONZÁLEZ COMESAÑA
MANUEL GRAMARY	CRISTINA DOMÍNGUEZ
GLORIA VEGA	WILLY ÉTER
SUSO VEGA	MELA CASAL
CLAUDIO QUINTILLÁN	ELENA CÁCCAMO
BENITO TORREIRO	ALFREDO RODRÍGUEZ
BEGOÑA DEL CARMEN	PABLO SANMARTÍN
ROSA GONZÁLEZ	PILAR SAAVEDRA
JOHN MATTHEWS	SALVADOR DEL RÍO
SEGUNDO GONZÁLEZ	ÁNGELES LADRÓN DE GUEVARA
ANXO ROJAS	ANTÓN MERA
JUAN BRAVO	ISABEL ARCOS
XOSÉ COUÑAGO	CHIQUI DURÁN
LUIS CARLOS ABELEDO	JOSÉ MANUEL MARTÍN
GLORIA BLANCO	MARGARITA FERNÁNDEZ

Escena de *Así é (se vos parece)*, de Pirandello. Centro Dramático Galego, dirixido por Maximino F. Queizán.

Fotografía de Xulio Gil.
1991.



1. DO TEATRO UNIVERSITARIO AO TEATRO DE CÁMARA

1958 - 1966

Programas de man do Teatro Universitario de Santiago e Madrid. 1958/1962.

Fotografías do Teatro Universitario de Santiago.

Debuxos do proxecto escenográfico para *La verdad de cada cual*, de Luigi Pirandello. Autor: Carlos José Laredo. Santiago 1962.

Libro *El yermo de las Almas* de Ramón del Valle-Inclán.

Cartel do Teatro Español Universitario para a representación de *La verdad de cada cual*, de Luigi Pirandello. Santiago 1962.

Programas de man do Teatro de Cámara da Academia Victoria de Vigo. 1964/1965.

2. O TEATRO POPULAR GALEGO: “A RAPOSA E AS UVAS “

1966 - 1985

Libro Gilherme Figueiredo. *Catro Peças*. Editora Civilização Brasileira Río de Janeiro, 1964.

Libro Thomas Hope. *Costumes of de greeks and romans*. London, 1962.

Libro Guilherme Figueiredo. *A raposa e as uvas*. Versión de Xosé Luis Méndez Ferrín. Colección Escena. Vigo, 1994.

Cartel para a *A raposa e as uvas*. Autores: MANUEL JANEIRO e FRANCISCO MANTECÓN. 1985.

Programa de man para *Araposa e as uvas*. Autores: MANUEL JANEIRO e FRANCISCO MANTECÓN. 1985.

Traxe de algodón cru bordado para a escrava MELITA. Deseño de ÁNGEL SENÉN. 1985.

Peplo largo con adorno de tisú sobre falda e apotigma para CLEIA. Deseño de ÁNGEL SENÉN. 1985.

Vestido rosa de pel de anxo con capa morada e capucha para CLEIA. Deseño de ÁNGEL SENÉN. 1985.

Chitón plisado largo con vermello de raso para XANTÓS. Deseño de ÁNGEL SENÉN. 1985.

Chitón beixe e himatión para XANTOS. Deseño de ÁNGEL SENÉN. 1985.

Traxe lila de CLEIA. Deseño de ÁNGEL SENÉN. 1985.

Chitón corto marrón para ESOPPO. Deseño de ÁNGEL SENÉN. 1985.

Traxe militar con correaxes, túnica e capa de AGNOSTOS. Deseño de ÁNGEL SENÉN. 1985.

Conxunto de 8 cerámicas gregas empregadas na versión de *A raposa e as uvas* de 1985. Inspiradas en orixinais de cerámica grega do século V a.C. Autor: MIGUEL VÁZQUEZ. 1985.

Cadeira atrezo inspirada en mobiliario do s. V a.C. *A raposa e as uvas*. Autor: MOBLES ARJONES. 1985.

Deseño escenográfico para versión de *A raposa e as uvas*. Autor: JUAN DELGADO. 1966.

Deseño escenográfico para versión de *A raposa e as uvas*. Autor: ENRIQUE PAZOS. 1985.

Fotomontaxe con escenas da representación de *A raposa e as uvas*. Autor: XULIO GIL. 1985.

Retrato de Daniel Heras no papel de Esopo. Autor: XULIO GIL. 1985.

Fotografías de varias escenas de *A raposa e as uvas*. Autor: XULIO GIL. 1985.

Artigo *El vestido en escena*, de Maximino Queizán. *Faro de Vigo* 16/9/1985

Crítica teatral *A raposa e as uvas polo Teatro Keyzán*, por F. Vázquez Morales. *Faro de Vigo*, 12/9/1985.

Críticas teatral *A raposa e as uvas, por Xoaquín Agulla*. *A Nosa Terra*, 14/9/1985.

Crítica teatral: *Maximino Keyzán: ¿Es esta nuestra única casa?*, de Manuel Vilanova. *Diario 16 de Galicia*, 4/7/1993.

3. O TEATRO POPULAR KEYZÁN

1966 - 1971

LIGAZÓN / EL DIPLOMA / LA EXCEPCIÓN Y LA REGLA / EL OSO.

Programas de man de representacións de *Ligazón* de R. del Valle-Inclán, *El Diploma* de L. Pirandello e *La excepción y la regla* de B. Brecht. 1967

Reportaxe fotográfico representación de *Ligazón* de R. del Valle-Inclán. 1967

Reportaxe fotográfico de representación de *Excepción y la regla* de Bertolt Brecht. 1967.

Artigo: "Teatro de Bertold Brecht por primera vez en Vigo" *Faro de Vigo* 16/8 / 1967.

Artigo: "'Crítica de teatro: Valle Inclán, Bertolt Brecht y Pirandello por el Teatro Popular Keyzán" *Faro de Vigo*, 20 agosto de 1967.

Artigo: "Más sobre festivales en Vigo" de ANTÍA CAL. *Faro de Vigo*, 22 agosto 1967.

Artigo: "Fiestas de Vigo" de JOAQUIN ROLLAND. *Faro de Vigo*, 17 agosto 1967.

Programa de man da obra *El oso* de Chejov. 1967

Reportaxe fotográfica de representación da obra *El oso* de Chejov. 1967.

Cartel da representación de *Ligazón e Cuento de abril* de R. del Valle-Inclán polo Teatro Popular Keyzán no Auditorio de Castrelos. Xullo, 1970.

Tres togas de raso vermello de fantasía para *El diploma*. Deseño: CARMEN QUEIZÁN. 1967.

LAS HORAS DE MONTERREAL

Fotografía da emisión do documental "Horas de Monterreal" de Enrique Llovet para TVE. 1967.

Reportaxe: "Horas de Monterreal". *Faro de Vigo* , 22 agosto 1967.

Reportaxe: "Ensayos en Monterreal". *Faro de Vigo*, 6 agosto de 1967.

AS CEAS MEDIEVAIS

Programa de man das "Ceas medievais" no parador nacional Conde de Gondomar. Agosto 1969.

Reportaxe fotográfico das "Ceas medievais". Autores: MAGAR, ARJONES e LLANOS. 1969.

EL RETABLO JOVIAL

Programas de man para *El retablo jovial* de Alejandro Casona. Vigo. 1968.

Fotografías *Farsa del cornudo apaleado y contento*. 1968.

Fotografías *El secreto bien guardado* de Alejandro Casona. 1968.

Fotografía de Estrella Vázquez Leal en *El retablo jovial*, de Alejandro Casona. Autor: LLANOS. 1968.

Traxe do personaxe do marido para *Farsa del cornudo apaleado y contento*. Deseño:

TEATRO POPULAR KEYZÁN. 1968.

Vestido para Beatriz na *Farsa del cornudo apaleado y contento*. Deseño: TEATRO POPULAR KEYZÁN. 1968.

¡SILENCIO, POLLOS PELONES, YA LES VAN A ECHAR SU MAÍZ!

Programa de man para obra *¡Silencio, pollos pelones, ya les van a echar su maíz!* De Emilio Carballido. 1969.

Fotografías da estrea no teatro García Barbón. Agosto 1968.

Cartel da obra.

4. O TEATRO DE VALLE-INCLÁN

CUENTO DE ABRIL

Programa de man de *Cuento de abril* de R. del Valle-Inclán para a estrea no auditorio de la Caja de Ahorros Municipal de Vigo en abril de 1970.

Reportaxe fotográfica da estrea en abril de 1970.

Críticas teatro en prensa de "Cuento de abril". 1970.

Traxe de gasa verde para "Azafata de la princesa de Imberal". Vestuario de CARMEN QUEIZÁN realizado por MODAS MARIMÍ. 1970.

Traxe de gasa malva para "Azafata de la princesa de Imberal". Vestuario de CARMEN QUEIZÁN realizado por MODAS MARIMÍ. 1970.

Traxe para "Azafata de la princesa de Imberal". Vestuario de CARMEN QUEIZÁN realizado por MODAS MARIMÍ. 1970.

Traxe "Princesa de Imberal". Vestuario de CARMEN QUEIZÁN realizado por MODAS MARIMÍ. 1970.

Traxe de gasa azul para "Bailarina". Vestuario de CARMEN QUEIZÁN realizado por MODAS MARIMÍ. 1970.

Traxe de raso rosa e branco para "Dama de la princesa". Vestuario de CARMEN QUEIZÁN realizado por MODAS MARIMÍ. 1970.

LAS GALAS DEL DIFUNTO

Figurino de vestuario de La Daifa, Juanito Ventolera, Doña Terita e Don Sostenes Galindo, para a peza teatral *Las galas del difunto*, de ENRIQUE PAZOS. 1971.

Figurino de vestuario de Madre Celestina Niña del Pecado, Bizco Maluenda, Sotera e Sacristán, para a peza teatral *Las galas del difunto*, de ENRIQUE PAZOS. 1971.

Deseño de escenografía para escena 1º “Tapadillo de la Carmelitana”, para *Las galas del difunto*, de ENRIQUE PAZOS. 1971.

Deseño de escenografía para escena 2º “Cementerio”, para *Las galas del difunto*, de ENRIQUE PAZOS. 1971.

Deseño de escenografía para escena 3º “Casa de la Sotera”, para *Las galas del difunto*, de ENRIQUE PAZOS. 1971.

Apuntes escena 1ª e 7ª da “Casa del Pecado”, para *Las galas del difunto*, de ENRIQUE PAZOS. 1971.

5. “LA PUERTA DEL PARAÍSO” DE MIGUEL COBALEDA

1972 - 1993

Programa de man *La puerta del Paraíso*. 1972.

Documento de permiso emitido polo Ministerio de Información y Turismo para a representación da obra *La puerta del Paraíso*. 1971.

Cartel da obra *La puerta del Paraíso* de Miguel Cobaleda. Autor: MIGUEL COBALEDA. 1972.

Reportaxe fotográfica da representación de *La puerta del Paraíso*. 1972.

Reportaxe fotográfica dos ensaios da obra *La puerta del Paraíso*. 1972.

Revista de teatro “Yorick nº 53. Crítica e edición íntegra da obra *La puerta del Paraíso*. 1972.

Documentación e críticas en prensa da obra *La puerta del Paraíso*. 1972. Críticas de FERNANDO RAMOS no xornal *El Correo Gallego*, PABLOS no Faro de Vigo; *Diario de Pontevedra*.

Programas de man de *La puerta del Paraíso*. 1993.

Cartel *La puerta del Paraíso*. Autor: MARY QUINTERO. 1993.

Reportaxe fotográfica da representación *La puerta del Paraíso*. Autores: MERCEDES MORALEJO e MARY QUINTERO. 1993.

Deseños de vestuario de *La puerta del Paraíso*. Autor: M. F. QUEIZÁN. Debuxo: ESTEBAN.

Proxectos de figurinos para vestuario. Autor: MIGUEL A. BALBOA. 1993.

Libro *La puerta del Paraíso*. Colección Escena. 1994.

Fotografías da posta en escena de *La puerta del Paraíso*. Autor: MARY QUINTERO. 1993.

Reportaxe xornalística e críticas de *La puerta del Paraíso*. 1993.

Traxe de camisa e pantalón en liño e seda para MATILDE. Deseño: M. F. QUEIZÁN. 1993.

Traxe de camisa e pantalón en liño e seda para EULALIA. Deseño: M. F. QUEIZÁN. 1993.

Traxe de veludo chafado verde con bordados para a RAÍÑA DO PASADO. Vestuario: M. F. QUEIZÁN. 1993.

Capa vermella de veludo para MATILDE. Deseño: M. F. QUEIZÁN. 1993.

Capa vermella de veludo para EULALIA. Deseño: M. F. QUEIZÁN. 1993.

6. O CAFÉ-TEATRO

1970 - 1971

Programa de man Café-teatro. Teatro Popular Keyzán. Discoteca Sanday. 1970-71.

Programa de man Café-teatro. Teatro Popular Keyzán. Cafetería Goya. 1971.

Programa de man Café-teatro. Teatro Popular Keyzán. Hotel Samil-Playa.

Fotografía de Mayca Radio, José Luis Manjón e Manuel Gramary representando o Café-teatro *El teatro y la realidad* de Jardiel Poncela na discoteca Sanday. Decembro de 1970.

Manuel Gramary presentando o Café-teatro *El teatro y la realidad* de Jardiel Poncela na discoteca Sanday. Decembro de 1970.

Manuel Gramary e Juan Vidal representando o Café-teatro *El rabo* de Antonio Martínez Ballesteros na discoteca Sanday. Decembro de 1970.

Finita Fernández e Carmen Bravo representando *La mujer del abanico* de Yukio Mishima

no hotel Samil-Plata no verán de 1971.

Reportaxe fotográfica con diferentes escenas do Café-teatro. 1970-71.

Cartel Café-teatro do Teatro Popular Keyzán. Xullo e agosto de 1971. Deseño de F. ÁLVAREZ BAO. Serigrafía.

Caricatura de ÁLVAREZ BAO reflectindo o espírito das experiencias do Café-teatro. 1971.

Artigo prensa “El sí y el no del Café-teatro”. *Faro de Vigo*.

Artigo “Café-teatro, espectáculo nuevo” de PABLOS. *El Pueblo Gallego* 20 de novembro de 1971.

Artigo “El Teatro Popular Keyzán actuará en lugar distinto” de JOAQUÍN ROLLAND. *Faro de Vigo*, 1971.

Homenaxe ao Teatro Keyzán. Autor: MONCHO BORRAJO. Lápiz sobre papel.

7. “POLINICE” E “AS MÁSCARAS”

1976 - 1978

POLINICE, DE MAXIMINO F. QUEIZÁN E ENRIQUE ABLANEDO (1976)

Cartel para *Polinice*. Autor: FRANCISCO A. BAO. Serigrafía.

Programas de man de *Polinice*.

Figurino para *Creonte*. Autor: MONCHO BORRAJO.

Figurino para *Antígona*. Autor: MONCHO BORRAJO.

Cinco figurinos de personaxes do *Pobo*. Autor: MONCHO BORRAJO.

Detalles decorativos para figurinos. Autor: MONCHO BORRAJO.

Debuxo detalle sandalia. Autor: MONCHO BORRAJO.

Máscara da Meiga. Autor: MONCHO BORRAJO. Papel maché pintado.

Deseño de planos para escenario de *Polinice*, creado por Maximino F. Queizán.

Cadro de fotografías *Polinice*.

Traxe de *Hemón*. Deseño de MONCHO BORRAJO, confección de ROSA GONZÁLEZ.

Cinco traxes para personaxes do *Pobo*. Deseño de MONCHO BORRAJO, confección de ROSA GONZÁLEZ.

AS MÁSCARAS, DE MAXIMINO F. QUEIZÁN (1978)

Dúas máscaras. Deseño MONCHO BORRAJO. Papel maché coloreado.

Programa de man.

Reportaxe fotográfica do espectáculo para clausura I *Simposium de Creación Artística sobre la Guitarra*.

Críticas do espectáculo no *Faro de Vigo*.

8. “FARSAS” DE EDUARDO BLANCO AMOR

1974 - 1983

Libro *Farsas para títeres* de Eduardo Blanco Amor. Edicións do Castro. A Coruña, 1973.

Programas de mans da Mostra Paralela de Teatro Galego paralela á de Ribadavia. A Coruña 1974.

Programa de man da “Semán Homenaxe a Eduardo Blanco Amor”. Caja de Ahorros Municipal de Vigo. Novembro 1980.

Programas de man do “III Concurso de Novela Galega do Concello de Soutomaior”. Farsas de Eduardo Blanco Amor. 1983.

Programas *Farsas* de Blanco Amor, no Círculo Mercantil de Vigo. 1983.

Reportaxe fotográfica dos *Amores e crimes* de Juan Pantera. 1974.

Reportaxe fotográfica de *A lebre das ánimas*. 1974.

Cartel das *Farsas* de Blanco Amor. Autor PAULO DASTIS. 1983.

Texto mecanografado e cos selos da censura de *Amor e Crimes de Juan El Pantera* de Eduardo Blanco Amor. 6 de maio de 1974.

Traxe *Estoraque* o indiano. Traxe de chaqueta, pantalón, camisa e garavata e sombreiro. Deseño: Teatro Keyzán.

Vestido estampado con pano amarelo da *Negra Pancha*. Deseño: Teatro Keyzán.

Traxe do *alguacil* con gorra. Deseño: Teatro Keyzán.

Vestido de raso vermello para *Contemplación Jiménez*. Deseño: Teatro Keyzán.

Traxe de “plañideiras” de *Falsa morte e veraz morte de Estoraque O Indiano*. Deseño: Teatro Keyzán.

Traxe de “plañideiras” de *Falsa morte e veraz morte de Estoraque O Indiano*. Deseño: Teatro Keyzán.

Traxe *Xigante Micomicón* do “Romance de Micomicón e Adhelala”. Deseño: Teatro Keyzán.

Vestido gasa italiana da princesa *Adhelala* do Romance de Micomicón e Adhelala. Deseño: Teatro Keyzán.

Traxe de terciopelo negro da personaxe *A Raíña Viúva* do Romance de Micomicón e Adhelala. Deseño: Teatro Keyzán.

Túnica de *Anxélica* de “Anxélica no umbral do ceo”. Deseño: Teatro Keyzán.

Traxe do *Demo* de “Anxélica no umbral do ceo”. Deseño: Teatro Keyzán.

Túnica de *Deus* de “Anxélica no umbral do ceo”. Deseño: Teatro Keyzán.

Vestuario *Anxo azul*. Deseño: Teatro Keyzán.

Deseños de escenografías para *Farsas*. Autor: JOSE MIGUEL LIGERO, Debuxos acquarelados, 2009.

Debuxo proxecto vestuario para espectáculo teatral no Camiño de Santiago. Autor: JOSE MIGUEL LIGERO. Debuxo acquarelado. 2009.

Tres figurinos para proxecto “Anxélica do umbral do ceo”. Autor: JOSÉ MIGUEL LIGERO. Debuxo acquarelado. 2009.

Reportaxe fotográfica con escenas da obra “As Farsas”. Autor: ELÍAS QUIROGA. 1981.

9. O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO: “ASÍ É (SE VOS PARECE)” DE LUIGI PIRANDELLO

1991

Cartel de *Así é (se vos parece)*. Autor: MIGUEL A. BALBOA. 1991.

Debuxo para primeira idea do cartel para *Así é (se vos parece)*. Autor: MIGUEL A. BALBOA. Debuxo acquarelado.

Programa de man. Autor: MIGUEL A. BALBOA.

Escenografía. Autor: JOSÉ MIGUEL LIGERO.

Fotografía de Juan Vidal e Daniel Heras en *Así é (se vos parece)*, de Pirandello. Autor: XULIO GIL.

Fotografía de escena en *Así é (se vos parece)*, de Pirandello. Autor: XULIO GIL.

Retrato de Daniel Heras en *Así é (se vos parece)*, de Pirandello. Autor: XULIO GIL.

Libro *10 anos do Centro Dramático Galego, 1984 – 1994*. Xunta de Galicia. Santiago, 1994.

Libro *Así é (se vos parece)*. Editorial Xerais. Vigo, 1994.

Crítica teatral de *Así é (se vos parece)*, por MANUEL FORCADELA.

10. FÓRA DE ESCENA

Programa de man Recital de Poesía Galega. 1981.

Programa de man Recital de Poesía Galega. 1994.

Programa de man Federico. Teatro García Barbón, 1998.

Programa de man do XIV Premio Blanco Amor de Novela Corta en lingua galega, Poemas e cancións em lembranza de Blanco Amor. 1994.

Programa de man Homenaje a Valle Inclán. 1996

Reportaxe fotográfica sobre recitais poéticos.

5 camisas de GENE CABALEIRO de igual deseño e cores diferentes para os recitais poéticos.

Libro Os poetas de Vigo cantan a súa cidade. Concello de Vigo, 1989.

Retrato do actor Juan Bravo. Autor: XULIO GIL.

Retrato do actor Juan Vidal. Autor: XULIO GIL.

Retrato do actor Daniel Heras. Autor: XULIO GIL.

Retrato da actriz Carmen Bravo. Autor: XULIO GIL.

Retrato de Maximino Queizán. Autor: XULIO GIL.

Programas de man e fotografías da Escola Municipal de Teatro. Ano 2003. Autor: F. GROBAS.

11. “LOUCURA DE HUMOR”

1992

Cartel de *Loucura de humor*. Autor: MIGUEL A. BALBOA. Serigrafía..

Programa de man de *Loucura de humor*.

Libro *Despois de Magritte*. Ediciones TK Colección Escena. Vigo, 1994.

Tuba do espectáculo *Despois de Magritte*.

Sofá para escenografía *Despois de Magritte*.

Dúas cadeiras para escenografía *Despois de Magritte*.

Dúas fotografías do espectáculo *Despois de Magritte*. Autor: XULIO GIL.

Frack para a personaxe Harris en *Despois de Magritte*. Deseño: MIGUEL ÁLVAREZ BALBOA.

Capa para a personaxe Harris en *Despois de Magritte*. Deseño: MIGUEL ÁLVAREZ BALBOA.

Traxe para a personaxe Thelma en *Despois de Magritte*. Deseño: MIGUEL ÁLVAREZ BALBOA.

Traxe para a personaxe inspector Pé en *Despois de Magritte*. Deseño: MIGUEL ÁLVAREZ BALBOA.

Traxe para a personaxe Holmes en *Despois de Magritte*. Deseño: MIGUEL ÁLVAREZ BALBOA.

Kimono para personaxe Yogataro. Deseño: MIGUEL ÁLVAREZ BALBOA.

Kimono para personaxe *Harashira*. Deseño: MIGUEL ÁLVAREZ BALBOA.

Kimono para personaxe *Agua de Azahar*. Deseño: MIGUEL ÁLVAREZ BALBOA.

Fotografías espectáculo *Yogataro*. Autor: XULIO GIL.

Traxe comedia inglesa con bolso de prata. Deseño: MIGUEL ÁLVAREZ BALBOA.

Figurino para personaxe da Nai en *Despois de Magritte*. MIGUEL A. BALBOA.

Figurino para personaxe Thelma en *Despois de Magritte*. MIGUEL A. BALBOA.

Figurinos para personaxe de Juan Bravo e Daniel Heras en *Despois de Magritte*. MIGUEL A. BALBOA.

Figurino para personaxe Mestre de cerimonia en *Loucura de humor*. MIGUEL A. BALBOA.

Fotografías de escena na obra *La Función del profesor Lerchundi*, de Jardiel Poncela. Autor: XULIO GIL.

Fotografía de escena na obra *El secreto de Lord Walpole*, de Jardiel Poncela. Autor: XULIO GIL.

Fotografía de escena da obra *El crimen de René Plint*, Jardiel Poncela. Autor: XULIO GIL.



Figurino para personaxe de "Arcanxo" en *Anxélica no umbral do ceo*.

Autor: José Miguel Ligerio.
2009.

Folleto:



Catálogo:



EXPOSICIÓN

PROMOCIÓN E XESTIÓN
Concellería delegada da Área
de Cultura. Servizo de
Museos Municipais.

Concello de Vigo

**COMISARIADO E DESEÑO DO
PROXECTO**

José Luis Mateo Álvarez

ASESOR DE VESTIARIO

Jandro Villa

**PRODUCCIÓN, MONTAXE E
DESMONTAXE**

Sonia María Otero González
(Cubic Gestión Cultural)

Equipo da Casa das Artes

ROTULACIÓN

CdC Servicios Gráficos

SEGURO

Axa Art Versicherung AG

CATÁLOGO

EDICIÓN

Servizo de Museos
Municipais do Concello de
Vigo

COORDINACIÓN DA EDICIÓN

José Luis Mateo Álvarez

TEXTOS

Abel Caballero Álvarez,
Maximino Fernández
Queizán, José Luis Mateo
Álvarez, Francisco Pablos
Holgado, Xosé Luis Méndez
Ferrín, Manuel Forcadela,
Dolores Miloro Costas.

FOTOGRAFÍA

Xulio Gil.
Mary Quintero, cubertas e
páxina 24.

IMPRESIÓN E ENCADERNACIÓN

Lúa Gráfica

PRODUCCIÓN

Ecovigo Publicidad

ORGANIZA

CONCELLO DE VIGO

Abel Caballero Álvarez

Alcalde de Vigo

Cayetano Rodríguez Escudero

Concelleiro-delegado da Área
de Cultura

Jesús López Moure

Xefe do Servizo de Xestión e
Promoción Cultural

Ignacio Oliveira López

Xefe do Servizo de Museos
Municipais

REVISIÓN LINGÜÍSTICA

Servizo de normalización
lingüística do Concello de
Vigo.

DESEÑO GRÁFICO E MAQUETACIÓN

Juan F. Centrón Castaños
(Oco Diseño)

AGRADECEMENTOS:

Fundación Liste. Museo
Etnográfico de Vigo.

Centro Dramático Galego

Xulio Gil.

Elías Quiroga.

Enrique Touriño.

Escola Municipal de Artes e
Oficios de Vigo.

© dos textos e fotografías: os
autores e autoras.

© da edición: Concello de
Vigo.

ISBN: 978-84-92425-31-0

DL: VG 180-2016



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO

